

## NORMATIVA DE EMPRÉSTITO DE TEST

- Toda a información relativa ao test figura na súa ficha técnica.
- A solicitude realizarase no departamento administrativo do COPG, persoalmente, por correo electrónico, fax, correo postal ou a través da páxina web do Colexio.
- O servizo de empréstito seguirá a orde de solicitude, recibindo a/o colexiada/o información sobre a data na que poderá dispoñer do test.
- O tempo máximo de reserva para o uso dun test é de 90 días.
- O test poderá recollerse na sede do COPG ou a través dun servizo de mensaxería, sendo este gasto a cargo da/o colexiada/o. A devolución do test será do mesmo xeito, ou ben entregado persoalmente na sede do COPG ou a través dun servizo de mensaxería.
- O tempo de empréstito do test será de 15 días naturais, contados desde o día seguinte en que o test sae do COPG, sen posibilidade de prórroga.
- O número máximo de tests que se poden ter prestados ao mesmo tempo é de 3
- O atraso na devolución do test, independentemente do número de días de atraso, poderá ser sancionado coa exclusión de dous meses fóra do servizo de empréstito de test. No caso de reincidir dúas veces no atraso, a exclusión poderá ser por un ano.
- No caso de figurar pendente de sanción por incumprir a normativa do servizo de empréstito de test, o colexiado ou colexiada non poderá optar ao empréstito de ningún outro material de avaliación psicolóxica a través do COPG.
- No caso de ser sancionado/a, o período da sanción empezará a contar desde a data da devolución do test polo cal foi sancionado/a.
- **Non está permitido escribir, marcar ningún material do test.**
- No momento de recollida a/o colexiada/o revisará que o material está en perfecto estado, no caso de que teña algunha deficiencia deberá comunicalo ao COPG.
- No momento de devolver o material a/o colexiada/o tamén deberá revisar que está en perfecto estado.
- Se no momento da devolución do material, este non está en bó estado o/a colexiado/a deberá abonar ao COPG o importe total dos tests.
- Para optar a este servizo, deberase estar ao corrente de pago das cotas colexiais.